

**Documentación relativa á admisión
Convocatoria de admisión, matrícula e dereito de avaliación
nas ensinanzas de grao para o curso académico 2023/2024**

Quen presente a solicitude de forma presencial nas [oficinas de asistencia](#) en materia de rexistro en calquera dos tres campus presentarán fotocopia dun documento válido de identificación (DNI, NIE ou pasaporte).

Para a admisión polo procedemento de recoñecemento de créditos e,

Proceda doutra universidade española (1.3.1)

- Certificación académica expedida pola universidade
- Cada unha das guías docentes de cada materia superada (seladas ou con código de verificación) que se pretenden utilizar no recoñecemento

Proceda de sistemas educativos doutros países (1.3.2)

- Certificación académica expedida pola universidade de procedencia na que conste, o número de materias cursadas, carga lectiva expresada en horas ou créditos e sistema de cualificación de procedencia. Indicará as cualificacións máxima e mínima no sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.
- Os programas ou guías docentes das materias superadas expedidas polo centro de estudos, acompañaranse do plan de estudos da titulación de orixe selado polo centro de procedencia.
- Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.
- Cando os estudos non estean concluídos presentarase unha declaración responsable de non telos finalizados.
- No caso de que os estudos estean concluídos haberá que aportar un dos seguintes:
 - a) Declaración responsable de non ter iniciado e que non se iniciará no futuro o procedemento de homologación ou equivalencia ao nivel universitario oficial do título en España.
 - b) Resolución do ministerio denegando a homologación na que conste expresamente a posibilidade de recoñecer parcialmente materias nunha universidade española.

Para a admisión polo procedemento para retomar estudos iniciados e non terminados logo de trasladar ese expediente (1.4)

- Certificación académica expedida pola universidade
- Cada unha das guías docentes de cada materia superada (seladas ou con código de verificación) e a utilizar no recoñecemento

Para a admisión para a realización dun curso ponte (só para titulados por outras universidades) (1.7)

- Título universitario e certificación académica expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos estudos rematados ou, credencial de homologación expedida polo ministerio de ser o caso.

Para a admisión para a realización dos requisitos formativos complementarios (1.8)

- Resolución definitiva do ministerio e copia para o seu cotexo pola unidade administrativa

Para a admisión para cursar unha mención no grao en Educación Infantil e no grao en Educación Primaria (só para titulados por outras universidades) (1.9)

- Título ou certificación supletoria do mesmo e certificación académica expedida polo centro de estudos coas cualificacións obtidas nos estudos rematados ou, credencial de homologación expedida polo ministerio de ser o caso.